

Adaptación da Programación de Relixión Católica para Educación Primaria 1º nivel – CEIP Arzúa – Curso 2019- 2020

1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Amosar respecto e interese por coidar a natureza como agasallo de Deus.
2. Valorar que Deus é Pai e cóidanos.
3. Coñecer e comprender relatos do Novo Testamento: o nacemento de Xesús, o anuncio e a adoración dos pastores.
4. Recoñecer a mensaxe e a ensinanza dalgunhas parábolas de Xesús.
5. Saber aplicar á propia vida os valores e actitudes que xorden das ensinanzas de Xesús.
6. Coñecer algún dos feitos máis significativos da Semana Santa.
7. Saber que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa.

2 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Valora a Creación como agasallo de Deus ao ser humano.
2. Descubre que Deus é Pai e cóidanos.
3. Coñece o relato do nacemento de Xesús e da adoración dos pastores.
4. Recoñece a mensaxe e a ensinanza dalgunha parábola de Xesús.
5. Sabe aplicar á propia vida os valores e virtudes que xorden das ensinanzas de Xesús.
6. Coñece algún dos feitos máis significativos que se lembran na Semana Santa.
7. Sabe que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa, e valórao.

3 AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación e a cualificación realizaranse sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso 2019-2020 . Os procedementos e os instrumentos de avaliación durante estes trimestres, é dicir, na fase lectiva presencial, foron as tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria de clase : a orde e a limpeza na presentación das mesmas, o grado de autonomía para levalas a cabo; a creatividade, a participación e intervención positiva na clase, o comportamento, o interese e o esforzo.

As actividades propostas desde a declaración do estado de alarma (Real Decreto 463/2020) só terán un valor positivo na avaliación e cualificación do alumnado.

A cualificación final será, polo tanto, a nota acadada polo alumno ou alumna na 2ª avaliación, tendo en conta o carácter continuo da mesma, que se verá reforzada positivamente polas actividades realizadas na fase non presencial.

4 METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

As actividades propostas desde a área de Relixión tiveron sempre un marcado carácter lúdico e motivador, priorizando ante todo o benestar emocional do seu alumnado. En todo momento se evitou sobrecargar academicamente aos alumnos e alumnas por iso se lle deu un carácter voluntario as tarefas supeditándoas á dispoñibilidade do alumnado e das súas familias.

As propostas de traballo de Relixión fixéronse cunha periodicidade semanal a través da páxina web do centro ou ben a través do titor ou titora se se trataba de alumnado sen conectividade e así se solicitaba.

O seguimento das mesmas estase a realizar a través dun correo electrónico creado para tal efecto religion@arzueta.net, ou nalgún caso concreto a través do sistema de mensaxería móvil, whatsapp.

Os recursos utilizados para abordar este terceiro trimestre desde a área de Relixión Católica foron fundamentalmente dixitais: videos, imaxes en formato jpg, e tamén algún documento en formato pdf.

Está previsto utilizar tamén láminas, cancións, contos...e tamén, se fose o caso, algún material fotocopiado relacionado cos contidos a traballar e que o docente pode recopilar de internet ou de algún proxecto editorial impreso.

5 INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O procedemento que se seguirá para informar ás familias será a través dunha comunicación escrita dirixida as mesmas con esta finalidade divulgativa polo medio de comunicación que estamos a empregar habitualmente con elas nesta fase non presencial (correo electrónico, web e whatsapp), e a conseguinte publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Adaptación da Programación de Relixión Católica para Educación Primaria 2º nivel – CEIP Arzúa – Curso 2019- 2020

1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar boas maneiras de acoller un novo compañeiro/a.
2. Sinalar e valorar as accións correctas dos bos amigos.
3. Valorar o exemplo de confianza en Deus dos personaxes de Noé e Moisés.
4. Explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús e a adoración dos Magos.
5. Describir e respectar prácticas relixiosas relacionadas co Nadal e o seu sentido utilizando o vocabulario relixioso aprendido.
6. Distinguir personaxes bíblicos significativos como a persoa de Xesús como digno de imitación.
7. Amosar unha actitude caritativa cara ás persoas próximas que sofren algunha doenza.
8. Describir os elementos que aparecen nunha pintura sobre Xesús e identificar o tema central da obra.
9. Sacar conclusións dalgunhas parábolas básicas na ensinanza de Xesús.
10. Amosar unha actitude cristiá baseada no amor.
11. Amosarse aberto a recoñecer as propias equivocacións e as dos demais pedindo perdón e perdoando.
12. Explicar o por que da celebración da Semana Santa e a raíz celebrativa da festa cristiá.
13. Explicar quen foi María, coñecer algúns dos principais feitos da súa vida e a súa resposta de fe.

2 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Identifica as accións correctas dos bos amigos.
2. Explica os relatos bíblicos de Noé e Moisés utilizando o vocabulario aprendido.
3. Sabe explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús e a Adoración dos Magos.
4. Describe e respecta prácticas relixiosas relacionadas co Nadal.
5. Identifica personaxes bíblicos significativos como Xesús, como dignos de imitación.
6. Describe os elementos que aparecen nunha pintura sobre Xesús e identifica o tema central da obra.
7. Amosa unha actitude de amor e empatía cara aos demais.
8. Amósase aberto a recoñecer os propios erros, e os dos demais pedindo perdón e perdoando.
9. Explica o por que da celebración da Semana Santa e a orixe celebrativa desta festa cristiá.
10. Sabe explicar quen foi María, coñece algún dos principais feitos da súa vida e a súa resposta de fe.

11. Sinala coas súas palabras o por que da celebración da Semana Santa e a raíz celebrativa da festa cristiá.

3 AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación e a cualificación realizaranse sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso 2019-2020 . Os procedementos e os instrumentos de avaliación durante estes trimestres, é dicir, na fase lectiva presencial, foron as tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria de clase : a orde e a limpeza na presentación das mesmas así como a lexibilidade da súa caligrafía, o grado de autonomía para levalas a cabo, a creatividade, a participación e intervención positiva na clase, o comportamento, o interese e o esforzo.

As actividades propostas desde a declaración do estado de alarma (Real Decreto 463/2020) só terán un valor positivo na avaliación e cualificación do alumnado.

A cualificación final será, polo tanto, a nota acadada polo alumno ou alumna na 2ª avaliación, tendo en conta o carácter continuo da mesma, que se verá reforzada positivamente polas actividades realizadas na fase non presencial.

4 METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

As actividades propostas desde a área de Relixión tiveron sempre un marcado carácter lúdico e motivador, priorizando ante todo o benestar emocional do seu alumnado. En todo momento se evitou sobrecargar academicamente aos alumnos e alumnas por iso se lle deu un carácter voluntario as tarefas supeditándoas á dispoñibilidade do alumnado e das súas familias.

As propostas de traballo de Relixión fixéronse cunha periodicidade semanal a través da páxina web do centro ou ben a través do titor ou titora se se trataba de alumnado sen conectividade e así se solicitaba.

O seguimento das mesmas estase a realizar a través dun correo electrónico creado para tal efecto religion@arzu.net, ou nalgún caso concreto a través do sistema de mensaxería móvil, whatsapp.

Os recursos utilizados para abordar este terceiro trimestre desde a área de Relixión Católica foron fundamentalmente dixitais: videos, imaxes en formato jpg, e tamén algún documento en formato pdf.

Está previsto utilizar tamén láminas, cancións, contos...e tamén, se fose o caso, algún material fotocopiado relacionado cos contidos a traballar e que o docente pode recopilar de internet ou de algún proxecto editorial impreso.

5 INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O procedemento que se seguirá para informar ás familias será a través dunha comunicación escrita dirixida as mesmas con esta finalidade divulgativa polo medio de comunicación que estamos a empregar habitualmente con elas nesta fase non presencial (correo electrónico, web e whatsapp), e a conseguinte publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Adaptación da Programación de Relixión Católica para Educación Primaria – 3º nivel

CEIP Arzúa

Curso 2019 – 2020

1. Criterios de avaliación do Terceiro nivel

- Saber en que consiste a acción creadora de Deus hoxe e como continúa creando e convida o home a colaborar con El.
- Tomar conciencia de que Deus axuda ao home sen quitarlle a súa liberdade, dándolle forza para vencer o mal.
- Reflexionar ante a realidade de que as nosas accións poden ser boas ou malas. Ás veces temos fallos, deficiencias, ofensas.
- Descubrir como Xesús nos ensina que Deus é Pai misericordioso que sempre perdoa ao que se arrepiñe.
- Coñecer que o ser humano non sempre é como lle gustaría ser. As persoas necesitan que se lle perdoen os seus fallos, as súas malas accións, os seus pecados. Necesitan sobre todo a salvación de Deus. Deus ofrece a salvación ás persoas aínda que o ofenderan.
- Valorar que no Nadal Xesús vén para salvarnos, amosándonos o seu amor.
- Comprender o amor de Xesús. A Xesús seguíronlle moitos, os que viran nel o amor e a bondade de Deus. Outros buscaban como matalo pois o amor e a bondade de Xesús denunciáballes o seu egoísmo e a súa mentira. Xesús pola súa morte na cruz quixo darnos a maior proba do amor de Deus, amando ata o límite, ata a morte. Cristo morreu na cruz para cumprir a vontade do Pai que era salvarnos a todos. Ao terceiro día resucitou.
- Coñecer que todo canto fixo Xesús por nós é porque nos ama e por iso quere que o sigamos e fagamos o que El fai. Seguir a Xesús supón: anunciar o seu Evanxeo, vivir todos como irmáns amándonos e celebrar a Eucaristía dándolle grazas e ofrecéndolle o que facemos.
- Coñecer e valorar o mandamento de amar a Deus e ao próximo. O próximo é calquera persoa necesitada. Xesús acláranolo coa parábola do Samaritano. O amor de Xesús non exclúe nin sequera os inimigos. Polo amor coñecerase aos discípulos de Xesús.

2. Estándares de aprendizaxe

- Recoñece o amor de Deus connosco ao crearnos á súa imaxe.
- Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade de inventiva...)

- Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus ao ser humano.
- Comprende e valora accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre as súas milagres, a súa morte e resurrección.
- Identifica en relatos vocacionais (María, Zaqueo, Pedro) o cambio que lles produce atoparse con Xesús.
- Sabe razoar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesús.
- Fundamenta o sentido do mandamento do amor como ensina Xesús.
- Sabe aplicar na relación cos amigos e coa familia algúns valores xerados na persoa de Xesús: a humildade, o servizo, o amor.
- Recoñece o sentido relixioso nalgunhas obras artísticas e xestos litúrxicos.

3. Avaliación e cualificación

A avaliación e a cualificación realizaranse sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso 2019-2020 . Os procedementos e os instrumentos de avaliación durante estes trimestres, é dicir, na fase lectiva presencial, foron as tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria de clase, o caderno (orde, limpeza, caligrafía lexible), a creatividade, a participación e intervención positiva na clase, o comportamento, o interese e o esforzo.

As actividades propostas desde a declaración do estado de alarma (Real Decreto 463/2020) só terán un valor positivo na avaliación e cualificación do alumnado. A cualificación final será, polo tanto, a nota acadada polo alumno ou alumna na 2ª avaliación, tendo en conta o carácter continuo da mesma, que se verá reforzada positivamente polas actividades realizadas na fase non presencial.

4. Metodoloxía e actividades do Terceiro Trimestre

As actividades propostas desde a área de Relixión tiveron sempre un marcado carácter lúdico e motivador, priorizando ante todo o benestar emocional do seu alumnado. En todo momento se evitou sobrecargar academicamente aos alumnos e alumnas por iso se lle deu un carácter voluntario as tarefas supeditándoas á dispoñibilidade do alumnado e das súas familias.

As propostas de traballo de Relixión fixéronse cunha periodicidade semanal a través da páxina web do centro ou ben a través do titor ou titora se se trataba de alumnado sen conectividade e así se solicitaba.

O seguimento das mesmas estase a realizar a través dun correo electrónico creado para tal efecto religion@arzua.net, ou nalgún caso concreto a través do sistema de mensaxería móvil, whatsapp.

Os recursos utilizados para abordar este terceiro trimestre desde a área de Relixión Católica foron fundamentalmente dixitais: videos, imaxes en formato jpg, e tamén algún documento en formato pdf.

Está previsto utilizar tamén obras de arte, fotografías, contos...e tamén, se fose o caso, algún material fotocopiado relacionado cos contidos a traballar e que o docente pode recopilar de internet ou de algún proxecto editorial impreso.

5. Información e publicidade

O procedemento que se seguirá para informar ao alumnado e ás súas familias será a través dunha comunicación escrita dirixida as mesmas con esta finalidade divulgativa polo medio de comunicación que estamos a empregar habitualmente con elas nesta fase non presencial (correo electrónico, web, whatsapp), e a conseguinte publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Adaptación Programación de Relixión Católica para Educación Primaria 4º nivel

CEIP Arzúa

Curso 2019 – 2020

1.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO CUARTO NIVEL

- Saber localizar unha cita bíblica.
- Coñecer as partes da Biblia e a súa diversidade de xéneros.
- Distinguir a Abraham como modelo de confianza en Deus.
- Situar a Moisés na historia do pobo de Deus.
- Identificar algúns feitos e palabras de Xesús que o mostran como verdadeiro Deus e como verdadeiro home.
- Recoñecer as parábolas de Xesús como expresión da súa mensaxe sobre o Reino de Deus.
- Situar as accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagres, a súa morte e resurrección.
- Comprender que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesucristo a restablece coa súa morte e resurrección, e que o amor de Deus dura para sempre.
- Recoñecer nas distintas advocacións de María á Nai de Xesús e Nai dos cristiáns.
- Aplicar a algunhas obras artísticas e xestos litúrxicos os contidos básicos da fe cristiá.

2.-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DO CUARTO NIVEL

- Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade inventiva...)
- Debuxa os relatos da creación amosando a Deus como autor da vida.
- Identifica algún feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus polo ser humano.
- Recoñece as virtudes dos patriarcas (Abraham e Moisés) e da Virxe María.
- Valora a confianza de María en Deus.
- Comprende a acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos e a súa plenitude en Xesús.
- Comprende que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesús restablece coa súa morte e resurrección.
- Recoñece o Mandamento do Amor como resposta de fe e seguimento a Xesús.
- Sabe aplicar en relación cos amigos e a familia algúns valores xerados na persoa de Xesús.
- Recoñece o sentido relixioso nalgúnhas obras artísticas e xestos litúrxicos.

3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación e a cualificación realizaranse sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso 2019-2020. Os procedementos e os instrumentos de avaliación durante estes trimestres, é dicir, na fase lectiva presencial, foron as tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria de clase, o caderno (orde, limpeza, caligrafía lexible), a creatividade, a participación e intervención positiva na clase, o comportamento, o interese e o esforzo.

As actividades propostas desde a declaración do estado de alarma (Real Decreto

463/2020) só terán un valor positivo na avaliación e cualificación do alumnado.

A cualificación final será, polo tanto, a nota acadada polo alumno ou alumna na 2ª avaliación, tendo en conta o carácter continuo da mesma, que se verá reforzada positivamente polas actividades realizadas na fase non presencial.

4.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

As actividades propostas desde a área de Relixión tiveron sempre un marcado carácter lúdico e motivador, priorizando ante todo o benestar emocional do seu alumnado. En todo momento se evitou sobrecargar academicamente aos alumnos e alumnas por iso se lle deu un carácter voluntario as tarefas supeditándoas á dispoñibilidade do alumnado e das súas familias.

As propostas de traballo de Relixión fixéronse cunha periodicidade semanal a través da páxina web do centro ou ben a través do titor ou titora se se trataba de alumnado sen conectividade e así se solicitaba.

O seguimento das mesmas estase a realizar a través dun correo electrónico creado para tal efecto religion@arzua.net, ou nalgún caso concreto a través do sistema de mensaxería móvil whatsapp.

Os recursos utilizados para abordar este terceiro trimestre desde a área de Relixión Católica foron fundamentalmente dixitais: videos, imaxes en formato jpg, e tamén algún documento en formato pdf.

Está previsto utilizar tamén obras de arte, fotografías, contos...e tamén, se fose o caso, algún material fotocopiado relacionado cos contidos a traballar e que o docente pode recopilar de internet ou de algún proxecto editorial impreso.

5.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O procedemento que se seguirá para informar ao alumnado e ás súas familias será a través dunha comunicación escrita dirixida as mesmas con esta finalidade divulgativa polo medio que estamos a empregar habitualmente con elas nesta etapa non presencial(correo electrónico, web e whatsapp), e a conseguinte publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Adaptación da Programación de Relixión Católica para Educación Primaria – 5º nivel

CEIP Arzúa

Curso 2019 – 2020

1. Criterios de avaliación do Quinto Nivel

- Recoñecer que de múltiples maneiras, na súa historia, e ata o día de hoxe as persoas expresaron a súa procura de Deus por medio das súas crenzas e dos seus comportamentos relixiosos (oración, sacrificios, cultos). A unión íntima e vital con Deus pode ser esquecida e mesmo rexeitada, pero Deus non deixa de chamar por todas as persoas.
- Tomar conciencia de que o ser humano se interrogou sempre ante as marabillas do Universo e a existencia humana. Comprender a creación como obra de Deus.
- Saber responder algunhas preguntas sobre o ser humano e a evolución da natureza. Saber que no íntimo do ser humano vemos que se diferencia da natureza: as persoas teñen espírito, intelixencia, vontade libre, conciencia; por iso aseméllanse máis a Deus que ao mundo creado.
- Recoñecer que o Deus que se manifesta na Biblia é un Deus Creador. Coloca o amor na orixe mesmo do ser. O ser humano posúe unha dignidade e responsabilidade para colaborar con Deus no coidado do mundo.
- Valorar o amor de Deus que se manifesta en aceptar o risco de crear seres que lle esquezan e lle neguen; vencer o mal a forza do ben; seguir creando e recreando; asumir no seu propio Fillo o sufrimento.
- Apreciar a acción salvadora de Xesús. Foi o que en verdade cambiou o rumbo da escravitude do mal e do pecado. El é o Salvador.
- Descubrir en Xesucristo Salvador un modelo radicalmente novo de vida que leva unha conversión persoal.
- Valorar a fe, o amor e a esperanza da Virxe María. Ela é Nai de Deus porque dela naceu Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro Home. A promesa de Deus de enviar un salvador cumpriuse co nacemento de Xesús en Belén.

2. Estándares de aprendizaxe de Quinto Nivel

- Valora algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na antigüidade.
- Aprende a abrirse á transcendencia.
- Respecta as diferentes actitudes ante a existencia de Deus.
- Sabe que Deus é creador e o fai por amor.
- Sabe valorar as achegas no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus como fillo.
 - Sabe sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesús.
 - Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Xesús, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
- Comprende o significado de distintas pinturas que evocan elementos relixiosos.

3. Avaliación e cualificación

A avaliación e a cualificación realizaranse sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso 2019-2020. Os procedementos e os instrumentos de avaliación durante estes trimestres, é dicir, na fase lectiva presencial, foron as tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria de clase, o caderno (orde, limpeza, caligrafía lexible), a creatividade, a participación e intervención positiva na clase, o comportamento, o interese e o esforzo.

As actividades propostas desde a declaración do estado de alarma (Real Decreto 463/2020) só terán un valor positivo na avaliación e cualificación do alumnado.

A cualificación final será, polo tanto, a nota acadada polo alumno ou alumna na 2ª avaliación, tendo en conta o carácter continuo da mesma, que se verá reforzada positivamente polas actividades realizadas na fase non presencial.

4. Metodoloxía e actividades do Terceiro Trimestre

As actividades propostas desde a área de Relixión tiveron sempre un marcado carácter lúdico e motivador, priorizando ante todo o benestar emocional do seu alumnado. En todo momento se evitou sobrecargar academicamente aos alumnos e alumnas por iso se lle deu un carácter voluntario as tarefas supeditándoas á dispoñibilidade do alumnado e das súas familias.

As propostas de traballo de Relixión fixéronse cunha periodicidade semanal a través da páxina web do centro ou ben a través do titor ou titora se se trataba de alumnado sen conectividade e así se solicitaba.

O seguimento das mesmas estase a realizar a través dun correo electrónico creado para tal efecto religion@arzua.net, ou nalgún caso concreto a través do sistema de mensaxería móvil whatsapp.

Os recursos utilizados para abordar este terceiro trimestre desde a área de Relixión Católica foron fundamentalmente dixitais: videos, páxinas web, imaxes en formato jpg, e tamén algún documento en formato pdf.

Está previsto utilizar tamén obras de arte, fotografías, contos...e tamén, se fose o caso, algún material fotocopiado relacionado cos contidos a traballar e que o docente pode recopilar de internet ou de algún proxecto editorial impreso.

5. Información e publicidade

O procedemento que se seguirá para informar ao alumnado e ás súas familias será a través dunha comunicación escrita dirixida as mesmas con esta finalidade divulgativa polo medio de comunicación que estamos a empregar habitualmente con elas nesta etapa non presencial (correo electrónico, web, whatsapp), e a conseguinte publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Adaptación da Programación de Relixión Católica para Educación Primaria – 6º nivel

CEIP Arzúa

Curso 2019 – 2020

1. Criterios de avaliación do Sexto Nivel

- Saber identificar algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na Prehistoria e na Antigüidade(Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma).
- Relacionar as grandes relixións vixentes, descubriendo as súas principais semellanzas e diferenzas.
- Comentar algúns textos do Novo Testamento onde se manifesta a humanidade e a divindade de Xesús.
- Describir que consecuencias ten no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus.
- Situar e valorar a presenza da Virxe María nos momentos importantes da vida de Xesús, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
- Razoar o valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo, e saber aplicar o Mandamento do Amor ás situacións cotiás.
- Identificar algunhas institucións da Igrexa dedicadas a axudar aos necesitados.
- Sinalar e respectar os valores das distintas relixións e a súa contribución á cultura.
- Interpretar o significado transcendente da arte relixiosa, e distinguir as festas civís das festas cristiás.

2. Estándares de aprendizaxe do Sexto Nivel

- Recoñece algúns elementos distintivos das primeiras relixións na súa resposta as preguntas básicas sobre o sentido da vida.
- Sinala e respecta os valores das distintas relixións.
- Comprende algunhas características das relixións monoteístas, en concreto do xudaísmo.
- Valora e respecta o legado cultural herdado do Islam na Península Ibérica.
- Sabe aplicar o mandamento do amor ás situacións cotiás.
- Identifica e valora algúnhas institucións da Igrexa adicadas a axudar aos demais.
- Recoñece o sentido dos tempos de Advento, Nadal, Coresma, Pascua e os tempos ordinarios a partir dun calendario litúrxico.
- Sitúa e valora a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Xesús, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.
- Valora e comprende a coherencia como fundamento do ser humano.

3. Avaliación e cualificación

A avaliación e a cualificación realizaranse sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso 2019-2020. Os procedementos e os instrumentos de avaliación durante estes trimestres, é dicir, na fase lectiva presencial, foron as tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria de clase, o caderno(orde, limpeza, caligrafía lexible), a creatividade, a participación e intervención positiva na clase, o comportamento, o interese e o esforzo.

As actividades propostas desde a declaración do estado de alarma(Real Decreto

463/2020) só terán un valor positivo na avaliación e cualificación do alumnado.

A cualificación final será, polo tanto, a nota acadada polo alumno ou alumna na 2ª avaliación, tendo en conta o carácter continuo da mesma, que se verá reforzada positivamente polas actividades realizadas na fase non presencial.

4. Metodoloxía e actividades do Terceiro Trimestre

As actividades propostas desde a área de Relixión tiveron sempre un marcado carácter lúdico e motivador, priorizando ante todo o benestar emocional do seu alumnado. En todo momento se evitou sobrecargar academicamente aos alumnos e alumnas por iso se lle deu un carácter voluntario as tarefas supeditándoas á dispoñibilidade do alumnado e das súas familias.

As propostas de traballo de Relixión fixéronse cunha periodicidade semanal a través da páxina web do centro ou ben a través do titor ou titora se se trataba de alumnado sen conectividade e así se solicitaba.

O seguimento das mesmas estase a realizar a través dun correo electrónico creado para tal efecto religion@arzu.net, ou nalgún caso concreto a través do sistema de mensaxería móvil whatsapp.

Os recursos utilizados para abordar este terceiro trimestre desde a área de Relixión Católica foron fundamentalmente dixitais: videos, páxinas web, imaxes en formato jpg, e tamén algún documento en formato pdf.

Está previsto utilizar tamén obras de arte, fotografías, contos...e tamén, se fose o caso, algún material fotocopiado relacionado cos contidos a traballar e que o docente pode recopilar de internet ou de algún proxecto editorial impreso.

5. Información e publicidade

O procedemento que se seguirá para informar ao alumnado e ás súas familias será a través dunha comunicación escrita dirixida as mesmas con esta finalidade divulgativa polo medio de comunicación que estamos a empregar habitualmente con elas nesta etapa non presencial (correo electrónico, web, whatsapp), e a conseguinte publicación obrigatoria na páxina web do centro.